
REGULAMENTO ELECTORAL FGVb

INDICE

Índice de contenido

TITULO I - DISPOSICIÓN XERAIS.....	2
CAPÍTULO I: CONVOCATORIA DE ELECCIÓN.....	2
CAPÍTULO II: CIRCUNSCRIPCIONS ELECTORAIS.....	3
CAPITULO IV: MESAS ELECTORAIS.....	5
TÍTULO II - ELECCIONS A ASEMBLEA XERAL.....	6
CAPITULO I: ELECTORES E ELEXIBLES.....	8
CAPITULO II: CANDIDATURAS.....	10
CAPITULO III: ACTO DE VOTACIÓN.....	11
TÍTULO III - ELECCIÓN DO PRESIDENTE Y COMISIÓN DELEGADA.....	14
CAPITULO I: ELECCIÓN DO PRESIDENTE.....	14
CAPITULO II: ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA.....	17
TÍTULO IV - COBERTURA DE BAJAS Y VACANTES.....	18
TÍTULO V - RECLAMACIÓN E RECURSOS ELECTORAIS.....	19
ANEXO I - CALENDARIO ELECTORAL.....	20
ANEXO II – MODELOS SOBRES Y PAPELETAS.....	23
ANEXO III - CENSOS.....	24



TÍTULO I - DISPOSICIÓN XERAIS

Art. 1

1. A Asemblea Xeral da Federación Galega de Voleibol e o órgano superior da F.G.Vb. No seno da asemblea xeral constituirase a Comisión Delegada. Son órganos electivos da Federación: a Asemblea Xeral, a Comisión Delegada e o Presidente da federación no ámbito das súas respectivas competencias.
2. En aplicación do disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, na Orde do 8 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, e nos estatutos da Federación Galega de Voleibol confeccionase a seguinte normativa que regula o proceso de elección dos órganos de goberno: Asemblea xeral, Presidente e Comisión Delegada, da Federación Galega de Voleibol, con representatividade durante o período 2014 a 2018.
3. As eleccións serán convocadas por el Presidente conforme os requisitos deste Regulamento aprobado pola Asemblea Xeral y a Secretaría Xeral do Deporte.
4. As eleccións celebraranse no ano 2014 coincidindo co ano de celebración dos Xogos Olímpicos de inverno.
5. Establécese como horario de apertura ao público da sede federativa, sita en A Coruña, Complexo Deportivo Elviña, Av/ Glasgow 13, o seguinte: de 9 a 13 horas y de 16 a 19 horas.


CAPÍTULO I: CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS

Art. 2

Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a Xunta Directiva disolverase constituíndose en Comisión Xestora, que non poderán adoptar máis que acordos de mera administración e trámite.

Art. 3

1. A comisión xestora garantirá a máxima difusión e publicidade do procedemento electoral. A convocatoria de eleccións será notificada a través dun medio que permita asegurar a recepción da notificación, cando menos as Entidades Deportivas integrantes da federación, e exposta no taboleiro de anuncios na sede da federación, nas delegacións territoriais e na páxina web da Federación, cun mínimo de 5 días hábiles de antelación ao inicio do procedemento.
2. No mesmo prazo remitirá copia da convocatoria á Secretaría Xeral para o Deporte



3. A notificación da convocatoria de eleccións conterá como mínimo os seguintes datos:
 - a) Regulamento e calendario electoral.
 - b) Lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.
 - c) Lugar de consulta dos censos electorais, garantindo o acceso a súa consulta a tódolos membros da federación interesados, así como os procedementos establecidos para as reclamacións dos mesmos.
 - d) Modelos oficiais de sobres e papeletas.
 - e) Composición e sede da Xunta Electoral da federación.
4. Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da asemblea xeral, presentarase na Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación, e delegase na Xunta Directiva a facultade de aprobación e realización das modificacións indicadas de cara a súa ratificación definitiva pola Secretaría Xeral para o Deporte.

CAPÍTULO II: CIRCUNSCRIPCIONS ELECTORAIS

Art. 4

1. A circunserición electoral para as eleccións a membros da Asemblea Xeral por los estamentos de Entidades Deportivas, Deportistas, Técnicos e Árbitros será única para toda la Comunidade Autónoma.

CAPITULO III: XUNTA ELECTORAL

Art. 5

1. Constituirase una Xunta Electoral con sede nos locais da F.G.Vb. de forma simultánea á convocatoria de eleccións. A Xunta Electoral corresponderalle a organización, supervisión e control do proceso electoral.
2. A Xunta Electoral estará formada por tres membros titulares e tres suplentes que serán elixidos por sorteo pola Asemblea Xeral que aprobe a convocatoria electoral entre as persoas que presenten a súa candidatura por escrito ante la Asemblea. Los candidatos poderán estar presentes na mesma. No caso de que no haia candidatos suficientes o presidente da federación propondrá á asemblea os membros necesarios para completar a que deberán reunir os requisitos definidos no apartado 4.

Os candidatos a formar parte da Xunta Electoral, deberán renunciar previamente a súa aceptación, a presentarse como candidatos a Asemblea Xeral.

4. Os membros da Xunta Electoral deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser maior de 18 anos.
- b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
- c) Non ter relación contractual ou profesional coa F.G.Vb.
- d) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en



materia deportiva que leve aparellada inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.

5. Actuará como presidente e secretario da Xunta Electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. A asistencia á xunta electoral é obrigatoria salvo causa xustificada.

Art. 6


Son competencias propias da Xunta Electoral:

1. Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral.
2. Organizar os procesos das eleccións para a asemblea xeral e presidente, segundo o previsto neste regulamento electoral.
3. Admitir e proclamar os candidatos.
4. Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos de conformidade co previsto neste regulamento.
5. Resolver as reclamacións sobre o censo electoral.
6. Designar a mesa electoral de conformidade co previsto neste regulamento.
7. Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
8. Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo ata a súa finalización.
9. Decidir sobre todas as cuestións que afecten directamente a la celebración e desenvolvemento das eleccións e seus resultados, e en xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento.

Art. 7

1. A Xunta Electoral considerarase validamente constituída con la concorrencia da maioría dos seus membros, e adoptará os seus acordos pola maioría de asistentes.
2. En caso de empate o voto do presidente terá carácter dirimente.
3. De cada sesión levantarase acta, que asinarán tódolos asistentes.
4. Salvo los casos que expresamente se sinale outro prazo, as reclamacións ante a Xunta Electoral deberán presentarse en un prazo de dous días hábiles a contar desde o seguinte a la finalización del prazo en que se houbiese desarrollado a actuación que se pretenda impugnar.

Os prazos de interposición do recurso electoral ante o Comité será de tres días hábiles contados dende o seguinte ao da notificación da resolución ou acordo obxecto de recurso ou, se fo o caso, dende o momento en que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presentada .



CAPITULO IV: MESAS ELECTORAIS

Art. 8

1. Constituirase unha única mesa electoral para a elección dos membros da asemblea dos diferentes estamentos. Estará radicada na sede da Federación Galega de Voleibol: Av/ Glasgow nº 13 – 15008 (A Coruña). O horario de apertura será o que figura no calendario electoral (Anexo I). Asemesmo, remitirase a esta mesa o voto por correo.
2. Cada mesa electoral estará composta por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes dos mesmos, elixidos por sorteo pola Xunta Electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria, salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola Xunta Electoral.
3. Así mesmo cada candidato pode nomear un interventor, entre quen ostente a condición de electores, que serán identificados ante a Xunta Electoral con antelación non inferior a 24 horas do día da celebración das respectivas votacións. A Xunta Electoral expedirá a correspondente acreditación. Limitaranse a presenciar o acto da votación e escrutinio, tendo dereito a participar con voz pero sen voto e con dereito a que se recollan en acta as manifestacións que desexe formular sobre o desenvolvemento do acto electoral, sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme o artigo 40 deste regulamento.
4. Ubicaranse na Mesa Electoral tantas urnas como estamentos correspondan.


Art. 9

Son competencias da mesa electoral:

- a) Comprobar a identidade dos votantes.
- b) Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
- c) Proceder ao recuento de votos.
- d) Levantar acta dos votos emitidos, resultados, etc., así como das incidencias e reclamacións se as houbera, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.
- e) Declarar aberta e pechada a xornada electoral.

Art. 10

A mesa electoral elaborará un acta do proceso de votación, recollendo o nome de tódolos asistentes (membros da mesa e interventores), así como tódolos datos en referencia ao escrutinio da mesa: número de votantes; incidencias e reclamacións formuladas en o acto da votación; votos válidos emitidos, votos nulos e en branco, así como o resultado final da votación. A acta será subscribida por todos os membros da mesa electoral, así como polos interventores, se os houbera, remitíndose posteriormente á Xunta Electoral que expoñerá a mesma no taboleiro de anuncios e na páxina web da Federación, remitindo outra copia a Secretaría Xeral para o



Deporte.

Art. 11

A mesa electoral constituirase media hora antes do inicio das votacións e permanecerá en funcións ata que se asine o acta correspondente ao escrutinio das votacións. Para quedar constituída haberán de estar presentes tódolos seus membros e en ausencia dalgún dos suplentes.

Art. 12


Para a elección a Presidente da Federación Galega de Voleibol, constituirase a mesa electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade dos membros da asemblea. O primeiro actuará como Presidente e o segundo como secretario. Así mesmo e ata que conclúa a elección de Presidente exercerán funcións de Presidente e secretario da asemblea.

TÍTULO II - ELECCIONS A ASEMBLEA XERAL

Art. 13

1. Na asemblea xeral estarán representados tódolos estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na Federación Galega de Voleibol. O Presidente da Federación Galega de Voleibol desempeñará a presidencia da Asemblea Xeral.
2. Os seus membros serán elixidos por e entre os compoñentes de cada estamento de conformidade cos seguintes porcentaxes:

a) Estamento de Entidades Deportivas:	70 %
b) Estamento de deportistas:	20 %
c) Estamento de Técnicos:	5 %
d) Estamento de árbitros e xuíces	5 %
3. No estamento de Entidades Deportivas haberá membros natos e membros electos.
4. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros a elixir en la circunscrición, non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.
5. O número de membros da Asemblea Xeral será de **31** en aplicación dos apartados 2 e 7 deste artigo. A Xunta Electoral poderá axustar o número definitivo de membros en base ás porcentaxes establecidas unha vez que o Censo Electoral sexa definitivo.
6. Non obstante, en caso de que en algún estamento da asemblea houberse mais dun 20% de vacantes, unha vez rematado o procedemento electoral, e nun prazo máximo de tres



meses, o presidente convocará eleccións nese estamento hasta cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

7. A conformación do estamento de Entidades Deportivas deberá seguir os seguintes criterios:

- Se o censo definitivo fose igual o inferior a 100, estarán representados no estamento de Entidades Deportivas como mínimo o 50% deles.
- Se fose superior a 100 estarán representados un mínimo do 50 Entidades Deportivas.

En ambos casos, esta representación incluíra aos membros natos, e en calquera caso todas as Entidades Deportivas deberán cumprir os requisitos que para eles se establece no artigo 17 de este regulamento.

Art. 14

1. Serán membros natos do estamento de Entidades Deportivas, e polo tanto sen necesidade de someterse a votación:
 - a. Aqueles cinco que contén cun maior número de licenzas.
 - b. Outros cinco que teñan participado no maior número de competicións.
2. Dacordo cos anteriores criterios, serán membros natos os seguintes:

Por maior número de licenzas	Por maior número de competicións
EMEVE	EMEVE
C.V. BRUXAS	C. VIGO VOLEIBOL
C.V. PONTEVEDRA	C.V. BRUXAS
CD PADRE FAUSTINO	C.D. PADRE FAUSTINO
C.V. SAN MARTIÑO	C.F. DUMBRIA

3. Nos casos de empate nalgunha das categorías anteriores, será membro nato aquel club que conte con mais méritos na outra categoría. No caso de proseguir o empate, este resolverase favorablemente para o club con mais antigüidade na súa afiliación á federación.

Estes datos referiranse a tempada 2013/14.

No caso de que un club teña méritos para obter representación na asemblea por ambas categorías, a representación resultante será cuberta polos Entidades Deportivas candidatos á asemblea segundo o procedemento ordinario de elección no estamento de Entidades Deportivas. En consecuencia, son entidades natas sete: Emeve, CV Bruzas, CV Pontevedra, CD Padre Faustino, CV San Martiño, C. Vigo Voleibol e C.F Dumbria. A representación restante de entidades deportivas cubrirase coas entidades que resulten elixidas polo procedemento ordinario de elección regulado no capítulo III.



6. Os membros natos deberán estar incluídos no Censo electoral definitivo. Aqueles Entidades Deportivas que desexen renunciar á súa condición de membro nato deberán facelo, ante a Xunta electoral, no mesmo prazo de reclamacións ao censo provisional. A Xunta electoral publicará tal incidencia no taboleiro de anuncios da federación, así como na súa páxina web.
7. Aos efectos de publicidade e posibles recursos estarase ao disposto respecto ao censo electoral.

CAPITULO I: ELECTORES E ELEXIBLES


Art. 15

1. O censo electoral comprende a relación nominal e individualizada dos compoñentes (persoas físicas o xurídicas) de tódolos estamentos que reúnan as condicións de electores e elixibles.
2. O censo electoral provisional será elaborado pola F.G.Vb. e publicado de forma simultánea ao envío da convocatoria electoral. Esta publicación realizarase no taboleiro de anuncios da sede federación e das delegacións territoriais, así como na web da federación (www.fgvb.es) por un período de 10 días hábiles.
3. A representación das Entidades Deportivas corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fehacientemente mediante certificación da inscrición do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade. O exercicio dos dereitos dos deportistas, técnicos, adestradores e xuíces/árbitros é persoal, e non admite delegación ningunha.

Art. 16

No censo incluíranse os seguintes datos:

- a) Para as persoas físicas: nome, apelidos, número de licenza federativa e DNI ou tarxeta de residencia, e domicilio a efectos de notificacións. O domicilio reflectido por defecto para o estamento de deportistas será o do club ao que pertezan, ou no seu caso tamén respecto do estamento de árbitros, o que a estes efectos indiquen a Federación. No período de reclamacións ao censo provisional poderase solicitar o cambio de domicilio.
- b) Para as Entidades Deportivas: nome, denominación ou razón social e número de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, así como o nome e apelidos do presidente e secretario. Os datos deberán ser coincidentes cos datos contidos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia. No caso de discrepancias entre os datos obrantes no rexistro da Federación e os obrantes no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, establececese un prazo de 10 días para a súa subsanación.



Art. 17

Serán electores e elixibles para os órganos de representación e goberno da Federación Galega de Voleibol, en representación dos estamentos constituídos por persoas físicas, as persoas maiores de idade no momento da convocatoria electoral e ademais:

- a. Teñan licenza federativa en vigor e tela tido na tempada 2013/2014.
- b. Participaran en unha competición oficial na tempada 2013/2014.


Art. 18

1. Serán electores e elixibles para os órganos de representación e goberno da Federación Galega de Voleibol, en representación do estamento de Entidades Deportivas que se atopen inscritos na federación e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia da Xunta de Galicia, a fecha de convocatoria das eleccións, e que ademais cumpran todos os seguintes requisitos:
2. Ter participado en un mínimo de catro competicións entre o ano de convocatoria de eleccións (2014) e os dous inmediatamente anteriores (2013 e 2012), e necesariamente unha delas no ano de convocatoria de eleccións (2014).
3. Non serán elixibles aqueles Entidades Deportivas que formen parte da Asemblea na súa condición de membros natos de conformidade co artigo 14.
4. Aos efectos deste regulamento entenderase como competición deportiva oficial, as que estiveran reflectidas nos correspondentes calendarios deportivos aprobados pola Asemblea Xeral.

Art. 19

1. O dereito de sufraxio é persoal, non se admite a representación para as persoas físicas. Respecto ás persoas xurídicas, a representación corresponde ao seu presidente/a ou persoa autorizada, de acordo cos seus propios estatutos.
2. Os membros da federación que pertencen a dous ou máis estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles ante a xunta electoral, mediante escrito que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo. Ningún membro da asemblea poderá ostentar unha dobre representación na mesma.
3. De non exercer esta opción no prazo indicado, os electores que se atopen en varios estamentos no censo electoral provisional, quedarán incluídos nun só estamento segundo o seguinte criterio:

a.) No estamento de técnicos, os que sexan incluídos nos censos de deportistas e técnicos.



b.) No estamento árbitros/xuíces, os que se atopen nos censo de deportistas ou técnicos e xuíces/árbitros.

c.) No estamento de técnicos, os que sexan incluídos nos censos de técnicos e xuíces/árbitros.

4. A xunta electoral da Federación Galega de Voleibol, introducirá as correccións no censo electoral que se deban efectuar como consecuencia do exposto no apartado anterior, procedendo a súa publicación no momento do censo definitivo.
5. Se un membro electo da asemblea xeral perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose a súa substitución na forma prevista no artigo 39 de este regulamento.


Art. 20

1. As reclamacións contra o censo electoral provisional deberán presentarse en el prazo de 10 días hábiles tras a súa publicación. As reclamacións presentadas no mesmo día da publicación serán válidas. As reclamacións faránse ante la Xunta Electoral, resolvendo esta no prazo máximo de 5 días hábiles e considerándose o silencio en sentido estimativo a petición realizada. As decisións da Xunta Electoral poderán ser recorridas ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva dentro de los prazos previstos.
2. O censo será considerado definitivo se non se presenta reclamación algunha, ou cando de presentarse, sexa resolta pola xunta electoral ou, no seu caso, polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.
3. Os datos contidos no proceso electoral, gozarán da protección do previsto na LO 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo caso o tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, estando prohibida a súa cesión ou utilización para unha finalidade distinta a aquela.

CAPITULO II: CANDIDATURAS

Art. 21

1. Quen desexe presentarse a membro da asemblea xeral deberá reunir as condicións que establece o presente regulamento electoral para cada estamento, antes da hora e data sinalado ao efecto no calendario electoral.
2. Os candidatos deberán estar incluídos no censo definitivo, e deberán solicitalo persoalmente, para lo cal presentarán escrito dirixido á Xunta Electoral, asinado e acompañando da fotocopia do DNI (anverso e reverso), designando ademais domicilio de notificacións, e estamento a que se presenta. O escrito poderá ser presentado ante la Xunta Electoral, o ser remitido por correo certificado ou calquera outro medio que acredite fehacientemente en dereito a dita solicitude.



3. Para o caso dos Entidades Deportivas, ademais se deberá incluír o certificado que se fai mención no artigo 15.3 deste regulamento. Así mesmo presentará fotocopia do DNI do presidente ou persoa designada.
4. O prazo para presentar as candidaturas será de 3 días hábiles desde la publicación do censo definitivo.


Art. 22

1. A Xunta Electoral publicará no taboleiro de anuncios na sede da federación, nas delegacións territoriais e na páxina web, as candidaturas presentadas e seguirá o proceso electoral de acordo co calendario aprobado.
2. As reclamacións contra as listas provisionais de candidatos deberán presentarse ante a Xunta Electoral en el prazo de dous días hábiles, que resolverá tamén no prazo de dous días hábiles.
3. A publicación da lista definitiva de candidatos farase unha vez resoltas por la Xunta Electoral as reclamacións.
4. Os candidatos proclamados poderán dispoñer do respectivo censo de persoas que compoñen o seu estamento.

CAPITULO III: ACTO DE VOTACIÓN

Art. 23

1. Poderán votar as persoas incluídas nos censos definitivos de electores. No caso das Entidades Deportivas votarán os seus presidentes o persoas designadas ao efecto de acordo cos seus estatutos, acreditándose a súa condición por la certificación a que se fai mención no artigo 15.3, ademais do documento acreditativo da personalidade do representante. Cada votante deberá acreditar previamente ante a Mesa Electoral a súa condición de elector e identidade mediante orixinal do DNI, Pasaporte, tarxeta de residencia, ou permiso de conducir con fotografía del titular.
2. Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse a votación. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a Xunta Electoral fixará unha data para a nova votación.



O voto efectuarase mediante a papeleta oficial. Non se terán por válidos os votos nos que se produzan borróns ou emendas, ou que non se axusten ao previsto respecto o

número de candidatos a escoller e votar por estamento.

2. O voto será libre, igual, directo e secreto, por e entre os compoñentes de cada estamento. Cada elector poderá votar en na súa papeleta, como máximo, a tantos candidatos como representantes sexan elixibles po lo colectivo a que pertencen
3. A votación efectuarase o día sinalado no calendario electoral dende as 17 horas ata as 21 horas.
4. Os candidatos serán elixidos por maioría simple. En caso de empate nos diferentes estamentos o sistema de desempate será:
 - En caso de empate no estamento de Entidades Deportivas será elixida a de maior antigüidades
 - No estamento de persoas físicas, (deportistas, adestradores, árbitros/ xuíces) resolverase a favor do que haia obtido a licenza ininterrompidamente el maior número de tempadas. De persistir o empate será elixido el de maior idade.

Art. 25

1. Á hora fixada para a finalización da votación, o Presidente da mesa electoral anunciará en voz alta que vai a concluír a votación e preguntará se alguén dos presentes non realizou votación, admitindo o voto dos mesmos que estean no local, non permitindo entrar a ninguén mais.
2. Acto seguido procederá o Presidente a la introdución de los votos emitidos por correo distribuyéndolos por estamentos comprobando antes da súa introdución que no existe duplicidade en los emitidos, en yo caso tendrá preferencia el voto presencial. Tras la apertura del sobre exterior e tras comprobar con la fotocopia do DNI a inclusión del votante no censo, se introducirá el sobre pequeno de votación sen abrilo na urna que corresponda.
3. Seguidamente procederán a votar os vogais, interventores, e por último o Presidente da mesa, sempre que os mesmos teñan a condición de elector.

Art. 26

1. Finalizada a votación, o Presidente declarará pechada a mesma e comezará o escrutinio que será público. Se irán anotando por separado los votos válidos, os nulos e os votos en branco.
2. Serán nulos os votos emitidos en papeleta ou sobre non oficiais, os sobres que contengan máis de unha papeleta, os votos emitidos a favor de un número de candidatos superior al máximo establecido por estamento e os votos emitidos por correo que non cumpran os requisitos regulamentariamente establecidos en el presente regulamento.
3. Feito o recuento, o Presidente preguntará se existe algunha protesta que realizar



contra o escrutinio, e non habendo ningunha tras resolver as que se presentarán, anunciará en voz alta o resultado especificando o número de votantes, de papeletas leídas, o de papeletas valedoiras, en branco, e nulas, e o de votos obtidos por cada candidatura.

4. As papeletas extraídas se unirán ó acta.

Art. 27


1. O Presidente, secretario, vocais e interventores asinarán as listas numeradas de votantes ao marxe de tódolos seus pregos e inmediatamente debaixo do último nome escrito.
2. Redactada e firmada o acta de votación de acordo ao previsto no artigo 10 do presente Regulamento Electoral será entregada a Xunta Electoral por a Mesa Electoral.
3. A Xunta Electoral tras o exame da documentación e a resolución das reclamacións que se plantexarán, proclamará os resultados definitivos das eleccións á Asemblea Xeral e procederá á redacción dun acta na que se reflexarán estes resultados que deberá remitirse de maneira certificada a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia no prazo de tres días hábiles dende a conclusión do acto de votación.

Art. 28

1. Unicamente admitirase o voto por correo nas votacións para membros da asemblea dos estamentos integrados por persoas físicas.
2. Para exercer o voto por correo, o interesado debora solicitalo previamente ante a Xunta Electoral, no prazo que vai dende a publicación do censo provisional ata 2 días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Esta solicitude deberá facerse persoalmente, mediante correo certificado, burofax, ou por calquera outro medio validamente admitido en dereito que deixe constancia da solicitude.
3. Recibida pola Xunta Electoral a solicitude referida no apartado anterior, comprobará a inscrición no censo do solicitante. En caso afirmativo, realizará a anotación correspondente no censo, e estenderá un certificado autorizando o voto por correo.

O certificado ao que se refire o parágrafo anterior deberá reflectir o nome do elector, o estamento polo que se solicita o exercicio do voto, así como un espazo en branco que deberá ser asinado polo elector previamente ao envío do voto á Secretaría xeral para o deporte.

4. A xunta electoral remitirá este certificado dentro dos 2 días hábiles seguintes á proclamación definitiva dos candidatos, por correo certificado urxente e con acuse de recibo á dirección postal sinalada polo interesado na súa solicitude. Igualmente enviaráselle unha papeleta de votación en branco e o sobre de votación oficiais, xunto coa relación definitiva de todas as candidaturas presentadas ordenadas alfabeticamente.



5. O listado de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría xeral para o deporte, publicándose asemade na páxina web da Federación.
6. O elector introducirá a papeleta de voto no sobre da votación e o pechará. A copia do DNI, así como o sobre de votación e o certificado indicado anteriormente autorizando o voto por correo introducirase nun sobre maior que o anterior dirixido á Secretaría Xeral para o Deporte.
7. O sobre remitirase por correo certificado urxente consignando os seguintes datos:

Anverso:
Secretaría xeral para o deporte
Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de Voleibol


Reverso:
Nome e apelidos do remitente
Estamento de (consignarase o correspondente)
8. A presentación dos votos nas Oficinas de Correos deberá realizarse con 6 días hábiles de antelación á data de celebración das eleccións, mediante envío por correo certificado urxente e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior. A Secretaría xeral para o deporte custodiará os votos emitidos, que serán postos a disposición da mesa electoral o día da votación, xunto cunha relación nominal dos mesmos, a fin de que, con posterioridade ao peche da votación presencial os membros da Mesa electoral poidan abrilos e, tras comprobar a súa regularidade, depositar cada voto na urna correspondente para incorporalo ao escrutinio.
9. Prevalecerá o voto persoal sobre o voto emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.

TITULO III - ELECCIÓN DO PRESIDENTE Y COMISIÓN DELEGADA

Art. 29

Unha vez finalizadas las eleccións á Asemblea Xeral, previa a convocatoria por parte da Comisión Xestora da F.G.Vb, se constituirá dita Asemblea en sesión extraordinaria, tendo como únicos puntos do día a elección de Presidente e da Comisión Delegada da federación.

CAPITULO I: ELECCIÓN DO PRESIDENTE



1. Poderá presentar candidatura a Presidente da federación calquera persoa física, que teña a condición política de galego, maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non incorrese en ningunha sanción deportiva que o inhabilite e que non estea inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme.
2. Se algún membro da Comisión Xestora presentase a súa candidatura á presidencia, deberá cesar naquela.
3. O Presidente saínte da federación será membro da nova asemblea xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura a presidencia ou de habéndoa presentado non resultar elixido.
4. A presentación de candidaturas para Presidente da federación farase no prazo de dous días hábiles, na sede oficial da federación, mediante escrito dirixido á Xunta Electoral, xunto unha copia do DNI.


Art. 31

1. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas a Presidente da federación, a Xunta Electoral exporá a lista provisional de candidatos a Presidente no taboleiro de anuncios e na páxina web, garantindo o acceso a súa consulta a tódolos membros da federación interesados, podéndose presentar impugnacións á mesma no prazo de 2 días hábiles.
2. La Xunta Electoral resolverá las reclamacións en el prazo de 2 días hábiles seguintes, quedando exposta en la sede de la F.G.Vb e na páxina web la lista definitiva de candidatos a la presidencia de la F.G.Vb no día seguinte hábil.
3. En el suposto de no existir reclamacións a las listas provisionais de candidatos a la presidencia de la F.G.Vb, estas se declararán como definitivas publicándose nos mesmos lugares antes indicados.
4. Os candidatos proclamados poderán dispoñer do respectivo censo das persoas que conforman a asemblea.

Art. 32

1. O Presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección. Para que se proceda elección válida de Presidente será necesaria a presenza, no momento de iniciarse a mesma, de a lo menos a metade máis un dos membros da asemblea en primeira convocatoria. En segunda convocatoria, quedará validamente constituída con os presentes.

2. A persoa que resulte elixida Presidente terá que cesar en todo tipo de actividades



directivas ou de representación no voleibol e no ámbito territorial da federación galega de Voleibol. Non se poderá simultanear a presidencia dun club coa presidencia da federación na que se integre o dito club.

Art. 33

1. No día e hora fixados na convocatoria correspondente, se constituirá a asemblea xeral en primeira ou segunda convocatoria, entrambas deberá mediar unha hora.
2. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o Presidente procederá á presentación dos candidatos. Os candidatos exporán os seus programas por un tempo máximo de 10 minutos cada un deles
3. A continuación se procederá á votación, que será libre, igual, directa e secreta, e deberanse utilizar as papeletas oficias definidas pola Xunta Electoral. Cada membro da asemblea só poderá votar a un dos candidatos. No se admitirá a delegación del voto nin o voto por correo.
4. Aberta a sesión polo Presidente da mesa, procederase ao chamamento de tódolos membros da Asemblea por estamentos e orde alfabético, acudindo os interesados a depositar o voto, previa identificación ante o Secretario da Mesa mediante a exhibición do orixinal do DNI, Pasaporte, tarxeta de estranxeiro ou permiso de conducir. No caso dos Entidades Deportivas a representación corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda, acreditándose a citada representación conforme ao estipulado no artigo 15.3. Terminada a votación, a mesa electoral procederá ao recuento de votos e levantará a oportuna acta.

Art. 34

1. O proceso de votación estará formado por un máximo de tres votacións Terminada cada unha das votacións realizadas, a mesa electoral procederá á contaxe de votos e levantará a oportuna acta.
2. Na primeira votación son elixibles todos os candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contén cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación o seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.

3. Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran alomenos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.




4. No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a continuación a unha nova votación entre os dous máis votados, resultando elixido o que obteña maioría simple de votos.
5. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. En caso de empate, resolverase o mesmo mediante sorteo no mesmo acto.
6. No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación.
7. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a presidente no prazo máximo de 3 meses.
8. Rematada a elección, a acta do resultado da mesma será remitida á Xunta Electoral. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, no prazo máximo de dous días hábiles seguintes, a Xunta Electoral proclamará Presidente ao candidato máis votado e comunicará os resultados á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo máximo de 10 días.

Art. 35

1. Unha vez proclamado definitivamente o novo Presidente, a comisión xestora deberá poñer a disposición do mesmo no prazo máximo de 5 días hábiles, a contar dende a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á Federación, levantando acta da documentación entregada e remitindo copia da mesma á Secretaría Xeral para o Deporte.
2. Tras a proclamación, o Presidente designará aos demais órganos e comités de acordo cos estatutos da Federación, debendo comunicar a súa composición á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, dende o seu nomeamento.

CAPITULO II: ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA

Art. 36




1. A Comisión Delegada será elixida entre e pola asemblea xeral mediante sufraxio libre, igual directo e secreto entre os seus membros. O seu mandato coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida polo Presidente da federación como membro nato da mesma.
2. A Comisión Delegada estará formada por 7 membros máis o Presidente:
 - 3 representantes de Entidades Deportivas
 - 2 representante de Deportistas
 - 1 representante de Técnicos
 - 1 representante de Árbitros
3. A elección dos membros da Comisión Delegada efectuarase na mesma Asemblea de elección do Presidente e a continuación.

Art. 37

1. Para esta elección non se admitirá voto por correo. As candidaturas por cada estamento presentaranse por escrito ante a Xunta Electoral figurando o Estamento a que pertencen e no mesmo prazo establecido para a presentación de candidaturas a Presidencia da F.G.Vb. Unha vez presentados os candidatos á comisión delegada, a mesa electoral procederá ao desenvolvemento das votacións sectorialmente por estamentos na forma prevista no presente regulamento.
2. Actuará como mesa electoral a mesma que actuou para a elección de Presidente. As votación no caso de existir máis candidatos que membros por estamento, realizaranse de forma sectorial por estamento e entre os membros de cada un deles.

Art. 38

1. As candidaturas recibidas facilitaranse na correspondente papeleta de voto, así como os sobres oficiais a os electores na propia sesión da Asemblea Xeral.
2. Dispondranse catro urnas, una por cada estamento.
3. O Presidente da Mesa efectuará un novo chamamento da mesma forma do disposto no artigo 33.4 do presente regulamento.
4. Non se admitirá o voto por correo nin a delegación do voto.
5. Se o número do candidatos en algún estamento coincide co de representantes por estamentos non se realizará votación algunha
6. En caso de empate realizarase un sorteo entre os mesmos.



TÍTULO IV - COBERTURA DE BAJAS Y VACANTES


Art. 39

1. Os candidatos a Asemblea Xeral, presentados e votados pero non elixidos, integrarán unha lista de suplentes para cada estamento ordenada segundo el número de votos obtidos e que servirá para cubrir as vacantes que vaian surxendo na Asemblea Xeral con posterioridade as eleccións
2. Si as vacantes se producen por ser menor o número de candidatos presentados polo respectivo Estamento o cando non existan o se haxan esgotado os suplentes, haberá de convocase unha nova elección para o Estamento que se trate.
3. Os candidatos a Comisión Delegada presentados e votados pero non elixidos, integrarán unha lista de suplentes para cada estamento ordenada segundo el número de votos obtidos e que servirá para cubrir as vacantes que vaian surxendo na Comisión Delegada con posterioridade as eleccións En caso de no existir substitutos, non se cubrira a praza vacante.

TÍTULO V - RECLAMACIONES E RECURSOS ELECTORAIS

Art. 40

1. Corresponde á Xunta Electoral e a mesa electoral, adoptar os acordos e tomar as decisións relativas ao proceso electoral e ao de votacións, segundo as competencias definidas no presente regulamento electoral.
2. Contra os acordos e resolucións da Xunta Electoral da federación, procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, ás resolucións deste á vía administrativa.
3. Están lexitimados para interpoñer estes recursos quen fose parte na impugnación ante a Xunta Electoral ou as persoas ou entidades debidamente afectadas polos acordos da Xunta Electoral.
4. Os prazos para formalizar estes recursos son os establecidos no artigo 7. A recepción dos documentos ou escritos, ás que se refire o presente regulamento electoral, deberá efectuarse antes da hora sinalada ao efecto da data indicada no calendario electoral, no domicilio da Federación Galega de Voleibol, sen prexuízo da súa presentación por correo certificado ou por calquera medio que acredite fehacientemente a presentación do escrito.
5. O escritos de interposición dos recursos deberá expresar:
 - a) Nome, DNI e domicilio da persoa física ou denominación e enderezo social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome do seu representante legal.
 - b) No seu caso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo



acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

e) Lexitimación para interpoñer o recurso.

d) O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.

e) As consideracións de feito e de dereito nas que baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas.

f) As pretensións que deduzan de tales consideracións.

g) Lugar, data e sinatura.

6. Corresponde á mesa electoral, adoptar as decisións relativas aos procesos de votación, sen prexuízo das reclamacións que poidan presentarse contra a súas decisións.

7. Contra as decisións da mesa electoral, porán interpoñerse reclamacións ante a Xunta Electoral.

ANEXO I - CALENDARIO ELECTORAL

13 outubro - Remisión convocatoria á Secretaría Xeral para o Deporte e ás entidades deportivas .

.....

20 de outubro - Convocatoria de eleccións.

- Constitución da Xunta Electoral.

- Publicación do Censo provisional e Calendario Electoral.

- A Xunta Directiva da Federación Galega de Voleibol constitúese en Comisión Xestora.

- Inicio do prazo de reclamacións ao Censo.

- Inicio do prazo de petición do exercicio de voto por correo.

.....

31 de outubro - Finalización do prazo de reclamacións ao Censo (19:00)

.....

7 de novembro - Prazo de resolución de reclamacións ao Censo.

- **Publicación Censo Definitivo. (20:00)**

- Designación das Mesas Electorais.

- **Inicio do prazo de presentación de candidatos a membros da Asemblea Xeral.**

.....

10 de novembro - Fin do prazo de petición do exercicio de voto por correo. (19:00)

.....

11 de novembro - Finalización do prazo de presentación de candidatos a membros da Asemblea Xeral. (19:00)

- Proclamación provisional de candidatos a membros da Asemblea Xeral. (20:00)

.....

12 de novembro - Inicio do prazo de reclamacións de candidatos a membros da Asemblea Xeral.



.....
13 de novembro - Finalización do prazo de reclamacións de candidatos a membros da Asemblea Xeral. (20:00)

.....
14 e 15 de novembro - Prazo de resolución de reclamacións a membros da Asemblea Xeral.

- **Proclamación definitiva de candidatos a membros da Asemblea Xeral. (15 de novembro 21:00)**

.....
18 de novembro - Fin do prazo para remitir os papeis de voto por correo.

.....
21 de novembro - Fin do prazo para depositar os votos en correos.

.....
28 de novembro - **Elección dos membros da Asemblea Xeral (17.00-21:00). Escrutinio. Proclamación provisional dos resultados da votación.**

29 de novembro - Inicio do prazo de reclamacións da elección de membros da Asemblea Xeral.

.....
1 de decembro - Finalización do prazo de reclamacións á elección de membros da Asemblea Xeral. (18:00)

.....
2 e 3 decembro - Resolución de reclamacións á elección de membros da Asemblea Xeral.

- Exposición da composición definitiva da Asemblea Xeral. (3 de decembro 20:00)

.....
4 de decembro - **Inicio do prazo de presentación de candidatos a Presidente da Federación Galega de Voleibol**

- **Inicio do prazo de presentación de candidatos a membros da Comisión Delegada da Asemblea Xeral.**

.....
5 de decembro - Finalización do prazo de presentación de candidatos a Presidente, da Federación Galega de Voleibol e da Comisión Delegada da Asemblea Xeral (20:00)

- Proclamación de candidatos a Presidente da Federación Galega de Voleibol e da Comisión Delegada de la Asemblea Xeral.e exposición da listaxe provisional. (20:00)

.....
9 de decembro - Inicio do prazo de reclamacións aos candidatos a Presidente da Federación Galega de Voleibol e da Comisión Delegada de la Asemblea Xeral.

.....
10 de decembro - Fin do prazo de reclamacións aos candidatos a Presidente da Federación Galega de Voleibol e da Comisión Delegada de la Asemblea Xeral. (19:00)

.....
11 de decembro – Finaliza o prazo de resolución de reclamacións a candidatos a Presidente da Federación Galega de Voleibol e Comisión Delegada de la Asemblea Xeral.

.....
12 de decembro - Proclamación e publicación da lista definitiva de candidatos a Presidente da Federación Galega de Voleibol e da Comisión Delegada da Asemblea Xeral. (20:00)



17 de decembro - CONSTITUCIÓN DA ASEMBLEA XERAL. (10:00 en primeira convocatoria e 10.30 en segunda)

- ELECCIÓN DO PRESIDENTE DA federación galega de Voleibol.

- ELECCIÓN MEMBROS DA COMISIÓN DELEGADA DA ASEMBLEA.

.....
18 de decembro - Inicio prazo reclamacións á votación de Presidente e Comisión Delegada.


.....
19 de decembro - Fin prazo reclamacións á votación de Presidente e Comisión Delegada. (19:00)

.....
22 de decembro - Fin do prazo de Resolución das reclamacións á votación.

- Proclamación definitiva de Presidente e Comisión Delegada da Federación galega de Voleibol (20:00)

- Disolución da Xunta Electoral


Inicio do prazo de dez días para a comunicación dos resultados á Secretaría Xeral para o Deporte.



ANEXO II – MODELOS SOBRES Y PAPELETAS

<p>FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL</p> <p>ELECCIONES ASAMBLEA GENERAL</p> <p>ESTAMENTO JUGADORES</p> <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> D.<input type="checkbox"/> Dña.<input type="checkbox"/> D.<input type="checkbox"/> Dña. <p>Cada elector podrá votar como máximo a X candidatos</p>	<p>FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL</p> <p>ELECCIONES ASAMBLEA GENERAL</p> <p>ESTAMENTO TÉCNICOS</p> <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> D.<input type="checkbox"/> Dña.<input type="checkbox"/> D.<input type="checkbox"/> Dña. <p>Cada elector podrá votar como máximo a X candidatos</p>
<p>FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL</p> <p>ELECCIONES ASAMBLEA GENERAL</p> <p>ESTAMENTO Entidades Deportivas</p> <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Club<input type="checkbox"/> Club<input type="checkbox"/> Club<input type="checkbox"/> Club <p>Cada elector podrá votar como máximo a X candidatos</p>	<p>FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL</p> <p>ELECCIONES ASAMBLEA GENERAL</p> <p>ESTAMENTO ÁRBITROS</p> <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> D.<input type="checkbox"/> Dña.<input type="checkbox"/> D.<input type="checkbox"/> Dña. <p>Cada elector podrá votar como máximo a X candidato</p>

Modelos de papeletas



Sobre papeletas

ANEXO III - CENSOS

CENSO Entidades Deportivas

NOME CLUB

**Nº
REXISTRO**

PRESIDENTE

SECRETARIO

CENSO Entidades Deportivas - MEMBROS NATOS

Por maior número de licenzas	Por maior número de competicións

CENSO ADESTRADORES

APELIDOS	NOME	DNI/PASAP.	DOMICILIO


CENSO ARBITROS

APELIDOS

NOME

DNI/PASAP.

ENDEREZO



CENSO XOGADORES

APELIDOS	NOME	DNI/PASAP.	NOME CLUB
----------	------	------------	-----------

